



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 11.05.2026**

LUGAR: Sala de Xuntas do segundo andar do edificio Exeria do campus de Vigo

DATA: 11.05.2026

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 14:30 h.

Asisten:

Atanes Limia, Xosé Manuel

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Martínez Alonso, David

Martiño Gómez, Antonio

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Macho Senra, Antonio



O luns, día 11 de maio de 2026, ás 12:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.12.2025).
- 2.** Informe do presidente.
Asuntos pendentes de sesións anteriores. (Informes da Xerencia):
 - a)** Estado dos avances rexistrados para o cumprimento das recomendacións feitas polo Consello de Contas á Universidade de Vigo.
 - b)** Estado dos avances na información rexistral e catastral asociada aos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo.
 - c)** Comparativa do remanente de Tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo entre os exercicios 2024 e 2023, para levantar a 2ª salvidade do informe de auditoría do exercicio 2024.
- 3.** Comunicación aos investigadores do procedemento e prazos para a eliminación do remanente existente en FEUGA, o próximo mes de outubro.
- 4.** Informe de aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa "Procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR recibidos".
- 5.** Solicitud de aclaracións á Mesa de Contratación da Universidade de Vigo sobre a longa tramitación do expediente para a contratación do informe de auditoría das contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2025, iniciado en setembro de 2025 e aínda non rematado, e a falta de comunicación co Consello Social durante o proceso. Comparecencia do presidente da Mesa.
- 6.** Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027. (Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2026).
- 7.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos que afectan a titulacións oficiais da Universidade de Vigo, aplicables ao curso 2026/2027, por servizos administrativos e académicos.
- 8.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para as actividades do Campus Camp 2026.
- 9.** Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos nas universidades públicas do SUG para o curso 2026/2027.
- 10.** Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil EUSES VIGO, S.L.U. e a Universidade de Vigo, para a adscrición do Centro universitario "EUSES-VIGO". (Consello de Goberno do 25 de marzo de 2026).
- 11.** Control e seguimento de competencias:
 - a)** Aplicación do Regulamento de Xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos (art. 20.4); Doazóns menores e correntes (art. 25.2); Arrendamentos (art. 26).
 - b)** Aplicación da Normativa de cesión de espazos universitarios. Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia (art.3).
- 12.** Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de decembro de 2025 e xaneiro, febreiro e marzo de 2026.
- 13.** Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia e explica que esta reunión, inicialmente prevista e convocada para o 30 de abril, á vista das ausencias anunciadas, trasladouse ao día de hoxe para acadar o maior quórum posible, habida conta da relevancia dos asuntos a tratar.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.12.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

Antes de abordar os temas recollidos na orde do día, o presidente lembra que o Consello Social ten a responsabilidade de analizar o remanente de tesouraría dispoñible provisional antes do 1 de marzo, para avaliar a necesidade de axustes no caso de que resultase negativo, consonte se recolle no artigo 57.8 da LOSU. Explica que esta comisión non puido cumprir esa responsabilidade este ano debido ao lesivo retraso no proceso de contratación do auditor externo, incidencia que se analizará no punto 5. Engade que hoxe en día non se recibiron aínda eses datos nin o auditor está contratado.

Juan Manuel Vieites sostén que esta obriga de presentar a documentación referida en prazo non debería estar afectada polos trámites da licitación, e require do Equipo de Goberno e do Servizo de Xestión Económica e Contratación que axilicen ao máximo os prazos, para evitar máis retrasos engadidos na presentación anual das contas e da súa presentación e aprobación neste Consello Social. Anuncia a intención de convocar unha reunión extraordinaria en breve -unha vez superadas as retencias a tratar esta cuestión durante o tempo da campaña electoral á Reitoría- para tratar de recuperar na medida do posible a xestión deste asunto "de vital importancia". Engade que nesa reunión tratarase de dispor dos datos máis achegados á liquidación definitiva, para evitar as grandes diferencias que se deron no pasado exercicio.

De seguido subliña Juan M. Vieites que a orde do día destaca claramente a implicación do Consello Social no seguimento e supervisión das observacións e recomendacións que realicen sobre a actividade da Universidade de Vigo os órganos ou entidades externas de control, así como sobre as actuacións que a universidade leve a cabo para paliar as deficiencias que sinalen os devanditos informes. "Xusto o que propoñemos hoxe aquí".

PUNTO 2

Informe do presidente.

Asuntos pendentes de sesións anteriores. (Informes da Xerencia):

- a) Estado dos avances rexistrados para o cumprimento das recomendacións feitas polo Consello de Contas á Universidade de Vigo.*
- b) Estado dos avances na información rexistral e catastral asociada aos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo.*
- c) Comparativa do remanente de tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo entre os exercicios 2024 e 2023, para levantar a 2ª salvidade do informe de auditoría do exercicio 2024.*

2a) Lembra o presidente que se comezou a pedir información sobre o cumprimento, nunha comisión reunida en setembro de 2024, e que en decembro de 2025 a Xerencia remitiu un informe de situación no que aparecían unha dúcia de recomendacións pendentes das oitenta iniciais. Solicitouse entón, e volveuse a pedir agora, unha actualización, comprobando catro meses despois que apenas se avanzou porque o documento recibido para esta sesión é o mesmo que o remitido en 2025.

Responde a xerente que só unha mínima parte está pendente de cumprir, e que houbo que priorizar de entre todas as recomendacións facendo fincapé nas de maior transcendencia. Neste senso, informa que como a regularización do inventario ten relación co balance de situación da universidade e resulta unha obriga legal, ademais da salvidade incluída nos informes de auditoría, priorizouse a regularización do inventario. Advirte de que era unha labor ardua pero que había que comezala, dado que esa regularización non se levou a cabo antes da incorporación desta xerencia. Engade que o cálculo segue a realizarse con circunstancias constantes, dende o principio, e é a primeira vez que se adopta esta iniciativa respecto dos bens raíces. Subliña que o traballo é moi técnico e non será breve, tendo unha parte externalizada nunha empresa especializada (AT Valor). Explica de seguido Yolanda Lesmes que no que atinxe á regularización a nivel de programa, derivada do cambio de aplicativo, respecto das amortizacións e incorporacións no inventario, indicóuselles aos servizos informáticos que esta era a prioridade e están a traballar niso, con prioridade fronte o desenvolvemento do módulo de ingresos, polas razóns legais antes apuntadas. Remata dando conta de que os servizos informáticos adoecen de



falta de persoal, este non resulta fácil de recrutar e por outra banda require os traballos pendentes de coñecemento interno. "Xa que logo, en canto se acabe con este traballo poderán comezar co desenvolvemento seguinte, das recomendacións do Consello de Contas".

O presidente afirma comprender a situación e cualifica tamén como prioridade atender ás recomendacións do Consello de Contas relativas ao control interno, que afectan directamente a este Consello Social polas novas responsabilidades que recolle a LOSU. Manifesta que ese tema "nos preocupa seriamente, máis aínda porque non parece preocupar fóra desta comisión". Pide que haxa avances e que se volva a incorporar este punto a unha próxima reunión ordinaria para coñecerlos.

- ***A comisión dáse por informada.***

2b) O presidente explica o interese por coñecer os avances na información rexistral e catastral asociada aos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo. Apunta que na última Comisión Económica e no último pleno do Consello Social en 2025, a Xerencia informou da posta en marcha dun plan de actuación a medio prazo sobre a situación dos terreos da Universidade de Vigo, e os pasos cara a normalización que se estaban dando. Yolanda Lesmes deu conta daquela da contratación dunha empresa para a verificación e sistematización da información rexistral e catastral asociada aos bens inmobles vinculados á Universidade de Vigo, unha labor que xa entón se prevía "longa". Nesta sesión solicítase a actualización deses datos.

A xerente alude a algúns casos do detallado informe que achega, coa documentación física e dixitalizada que obra en poder da Unidade de Servizos Xerais, con información actualizada de cada unha das parcelas e edificios, sinalando que neste intre estase á espera de recibir información do Catastro para continuar co proceso, e que tardará un ou dous meses, non podendo avanzar máis ata entón. Xosé Manuel Atanes, Jesús Graña, Antonio Martiño e David Martínez apuntan carencias de documentación que consideran sorprendentes ou inexplicables, e fan distintas observacións e consultas sobre unha situación que cualifican entre preocupante e grave, polo que demandan avances urxentes á aplicación de solución a casos concretos que se poidan ir resolvendo xa. A xerente recoñece a problemática e manifesta que o máis urxente era poñer orde na documentación, o que por primeira vez se está a facer sobre unha situación cronicada que ninguén abordou ata o de agora. A xerente non ten resposta para explicar porque non o abordaron anteriormente outros equipos e mesmo o extinto Servizo de Patrimonio.

O presidente agradece o detalle do informe remitido pola Xerencia, insta a seguir avanzando de xeito "áxil e proactivo", comezando por resolver de contado os casos máis acaídos. A comisión seguirá a interesarse polos avances en sucesivas reunións e pide á Xerencia que reactive as xestións na medida do posible.

- ***A Comisión dáse por informada.***

2c) O presidente evoca que no pleno de novembro pedíuselle á Xerencia unha comparativa do remanente de tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo entre os exercicios 2024 e 2023 para levantar a 2ª salvidade do informe de auditoría do exercicio 2024, un informe sobre a comparativa entre o remanente de tesouraría de libre disposición do exercicio 2023 co criterio utilizado no exercicio 2024 para poder dar por cumprida a salvidade expresada polo auditor externo nas contas anuais do exercicio 2024.

Vista a documentación remitida pola Xerencia, e tras as respostas de Yolanda Lesmes, afirmando que tras aplicar o sistema de cálculo deu positivo e saíu a favor, levantando a salvidade, o presidente interpreta que no informe se pode constatar que co novo método de cálculo os remanentes tanto de 2023 como de 2024 son superiores aos calculados co antigo método. Con esta comparativa -afirma Juan M. Vieites-, pódese comprobar que o remanente de tesouraría dispoñible incrementouse do exercicio 2023 ao 2024 en 6.020.920,38€, en lugar dos 8.066.478,76€ presentados coa diferenza de criterios de cálculo. Remata confiando en que se poida eliminar a salvidade para futuros exercicios.

Engade o presidente que tamén se recibiu o informe relativo á salvidade -habitual dende as contas anuais do exercicio 2022- referida ao inventario da Universidade de Vigo. Subliña que nese informe recóllese que a universidade está recalculando o valor dos bens para actualizar os datos do balance, prevendo que cando sexa revisado polo novo equipo auditor dita salvidade "entendemos que pode quedar solventada". Juan M. Vieites agradece o esforzo para reparar este asunto, "que parecía difícil de arranxar", e fai extensivo o recoñecemento aos Servizos de Contabilidade e Informáticos pola súa implicación en resolvelo.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 3

Comunicación aos investigadores do procedemento e prazos para a eliminación do remanente existente en FEUGA, o próximo mes de outubro.

Nunha introdución, o presidente describe as repetidas ocasións en que foi tratada esta cuestión dende decembro de 2023 e os sucesivos aprazamentos da data de liquidación, fixada inicialmente no final de 2025, pasando posteriormente a outubro de 2025, atendendo a razóns operativas e institucionais, e finalmente a outubro de 2026, atendendo unha petición da Xerencia. Aclara que se trae a esta comisión o modelo de carta polo que se avisa aos investigadores de que a Universidade de Vigo procederá á liquidación dos remanentes dos proxectos que quedan en FEUGA. Consonte coas advertencias do Consello de Contas, a Xerencia presenta unha proposta de carta a remitir aos investigadores con fondos en FEUGA para que procedan á liquidación dos fondos dos proxectos que aínda manteñen activos e proceder á liquidación final por parte da universidade con FEUGA. A comisión estima correctos os termos da mesma.

O secretario pide expresamente que na comunicación que se envíe dende a Xerencia non conste o nome nin se faga alusión á intervención do Consello Social.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 4

Informe de aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa "Procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR recibidos".

Aclara o presidente que esta auditoría "Procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR" foi recibida pola comisión o pasado mes de xuño. Lembra que a xerente declarou entón que unha área específica se encargaría de coordinar a apertura e dotación dos proxectos financiados con eses fondos, destacando tamén que o informe non contiña ningunha emenda á xestión que se estaba a realizar na Universidade de Vigo e acreditando que os procedementos eran correctos. Para esta reunión pediuse nova información sobre o uso, aproveitamento e utilidade das conclusións e recomendacións.

A xerente expón a situación, os pasos que se están a dar, as revisións de cumprimento que se están a facer, e as medidas e accións concretas adoptadas dende o punto de vista da ética pública. Responde, así mesmo, a aclaracións solicitadas polas persoas presentes.

- ***A comisión dáse por informada.***

Rematados os puntos dependentes da documentación elaborada e remitida pola Xerencia, a petición da comisión, o presidente pide que conste o agradecemento a Yolanda Lesmes (que proximamente será relevada no seu cargo pola chegada do novo equipo de goberno), pola receptividade, colaboración e implicación nas responsabilidades e obrigas desta comisión, "por ter atendido e remitido á petición de datos que lle solicitamos, por intentar contestar a todas as preguntas que lle fixemos nestes últimos anos, e mesmo por ternos aclarado moitas dúbidas e incluso despexado bastantes temores". Juan M. Vieites tamén valora esa contribución de xeito especial "porque me consta que non sempre lle foi doado obter os datos nin documentar as respostas de todos os servizos dos que precisaba información. Porque as cousas son como son, tamén na universidade. Quede constancia do recoñecemento e gratitude desta comisión".

PUNTO 5

Solicitud de aclaracións á Mesa de Contratación da Universidade de Vigo sobre a longa tramitación do expediente para a contratación do informe de auditoría das contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2025, iniciado en setembro de 2025 e aínda non rematado, e a falta de comunicación co Consello Social durante o proceso. Comparecencia do presidente da Mesa.

O presidente agradece a presenza de Félix Quintero, vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, Enxeñeiro Industrial "e acreditado investigador", que comparece como presidente da Mesa de Contratación, e como tal foi convocado a esta sesión para "abordar, aclarar e reflexionar sobre as causas do longo e estraño proceso de contratación", aínda non rematado a día de hoxe, que afectou á licitación da auditoría de contas da Universidade de Vigo, e que impediu que o Consello Social poida cumprir os



prazos para a execución das súas competencias e obrigas na liquidación das contas da Universidade de Vigo, como viña facendo de xeito ininterrompido en todos os exercicios.

Engade Juan M. Vieites que xa non se puido atender a obriga normativa de analizar o remanente de tesouraría dispoñible provisional antes do 1 de marzo, por carecer do avance de auditoría. "E, á vista da situación hoxe en día, mesmo podería estar en risco" a auditoría para avaliar a liquidación das contas que se debe abordar en xuño, consonte a normativa aplicable. Cede a palabra ao comparecente.

Félix Quintero entrega un documento coa cronoloxía do desenvolvemento do proceso do que se trata, e sinala os pasos que se foron dando nas mesas de contratación dende o inicio do expediente 322/25 (26/11/2025 apertura de sobres) ata a elevación da proposta de adxudicación (23/04/2026). Dá lectura do apartado da acta da mesa de contratación celebrada o 15 de xaneiro de 2026 no que se procede á devolución do informe valorativo das ofertas recibidas por carecer da motivación. Indica tamén, que no segundo informe valorativo recibido pola Mesa de Contratación, as puntuacións outorgadas a varias das ofertas foron diferentes das iniciais e que, a criterio da mesa de contratación, aínda non foron debidamente xustificadas.

Responde o secretario que o expediente púxose e marcha antes do que recolle o informe que entrega o presidente da Mesa (o 17/09/2025), e que cumpríndose hoxe 24 días dende a proposta de adxudicación aínda non foi firmada. Cita como importantes eivas durante estes xa oito meses de procedemento, a total incomunicación co Consello Social durante todo o proceso, non respondendo en ningún momento ás chamadas e correos que se enviaron ao Servizo de Contratación; o sorprendente rexeitamento de ata tres informes técnicos valorativos dos sobres B remitidos dende o Consello Social, elaborados con criterios similares e polo mesmo autor dos que si foron aceptados en anteriores licitacións pero rexeitados nesta ocasión. Amosa a súa estrañeza pola decisión unilateral de recorrer a empresas auditoras externas para facer a valoración (engade aquí a petición dun informe que encargou o Consello Social a expertos externos que si consideraban xustificado o último informe valorativo que remitiu o Consello Social, pero que non aceptou a Mesa). Tamén expresa a súa estrañeza pola elección dunha empresa diferente á que avaliou as ofertas técnicas para valorar una baixa anormal.

Argumenta Félix Quintero que descoñece as razón polas que a mesa de contratación aceptou informes valorativos similares en licitacións anteriores. Engade que nesta ocasión o rexeitamento está xustificado pola falta de motivación das puntuacións outorgadas e defende a actuación rigorosa da Mesa de Contratación para garantir un proceso limpo e xusto, de xeito que non dea pé a recursos que retrasarían aínda máis a licitación. Así mesmo, recoñece que descoñece as causas da falta de comunicación. De todos os xeitos, afirma que toma nota e que dará traslado do dito, e manifesta que os acordos da Mesa de Contratación foron adoptados por unanimidade. O secretario afirma ser coñecedor de que así se firmou, pero nos debates previos sobre o terceiro informe valorativo houbo membros da Mesa discrepantes que se pronunciaron favorables a aceptalo, o que -engadido a todo o dito- induce a dubidar sobre cales son as verdadeiras causas da dilación e o desaxuste temporal que está a retrasar a resolución. O comparecente defende a limpeza do proceso e o cumprimento estrito da legalidade, para que se execute con todas as garantías. "Como tamén se fixeron as anteriores", puntualiza o secretario.

Ignacio Rodríguez alude, por último, a unha última comunicación enviada dende o Consello Social, a través de correo electrónico, dando conta da dúbida de si a empresa adxudicataria poderá executar tanto a auditoría das contas como as auditorías operativas coas horas que oferta, do que deixa constancia, pero -na mesma liña seguida durante todo o proceso- tampouco foi contestada.

Ábrese unha rolda de intervención na que os asistentes expresan críticas abertas ao peculiar proceso de contratación seguido neste caso, e conveñen na desconformidade coa actuación da Mesa. Dentro da desaprobación xeral, Jesús Graña cualifica como inaceptable que non se tivera en conta o último informe emitido polo Consello Social, cando -tal e como admitiu o presidente da Mesa de Contratación- cumpría coa legalidade requirida no prego de contratación, e que non se houbesen comunicado ao propio Consello Social, que é quen promove o expediente, os problemas que se presentaban na tramitación.

David Martínez cualifica como grave a actuación da Mesa, entre outras razóns, por recorrer a unha empresa auditora para que elabore un informe valorativo sobre a proposta doutra empresa auditora, así como que se recorra a unha terceira empresa para avaliar a baixa anormal, cando existen órganos colexiados de auditoría aos que se debería acudir para esa valoración". Félix Quintero replica que é moi común ter procedementos de avaliación nos que os avaliadores son pares ou iguais dos que están sendo



avaliados nos procesos de concorrência competitiva, e que a Comisión de Contratación asegurose de que non houbera conflitos de interese por parte da empresa que avaliou as ofertas.

Juan Manuel Vieites, despois de preguntarlle ao comparecente se os membros da Mesa eran conscientes da urxencia e a importancia da contratación, e da grave afectación que tería o retraso na liquidación das contas, deixa constancia da desconformidade da comisión coa actuación da Mesa de Contratación nun procedemento "crucial", pide que non volva a suceder, e que se dea conta mediante escrito aos órganos competentes da desaprobación da comisión a este proceder, e mesmo das negativas e limitadoras consecuencias que comporta para o exercicio das competencias do Consello Social respecto da liquidación das contas da Universidade de Vigo en prazo. Agradécelle a presenza ao presidente da Mesa, que abandona a reunión.

PUNTO 6

Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027. (Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2026).

Vista a documentación remitida, na que se contemplan os prezos por estancias e servizos, e mesmo o incremento do IPC, Xosé Manuel Atanes fai distintas observacións orientadas a mellorar o sistema polo que se rexen as residencias, aumentar as prazas e ver como atender as necesidades do estudiantado.

- ***-Apróbanse as taxas por asentimento.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, dos prezos públicos que afectan a titulacións oficiais da Universidade de Vigo, aplicables ao curso 2026/2027, por servizos administrativos e académicos.

Vista a proposta de prezos para titulacións oficiais, para alumnado visitante e para as probas de acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, dos prezos públicos para as actividades do Campus Camp 2026.

Consonte a documentación que se achega, os membros toman coñecemento dos prezos polas distintas modalidades de matrícula, as quendas e o incremento do IPC.

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 9

Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos nas universidades públicas do SUG para o curso 2026/2027.

En atención ao disposto no artigo 75.3f) da Lei 6/2013 do SUG, o Consello Social debe emitir anualmente un informe sobre os prezos públicos dos estudos universitarios oficiais.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 10

Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil EUSES VIGO, S.L.U. e a Universidade de Vigo, para a adscrición do Centro universitario "EUSES-VIGO". (Consello de Goberno do 25 de marzo de 2026).

O convenio ten por obxecto regular as condicións para a adscrición á Universidade de Vigo do Centro EUSES-VIGO, no que se impartirán ensinanzas universitarias. Os títulos terán os mesmos efectos académicos e profesionais que os cursados nos centros propios da Universidade de Vigo. O centro situarase nas instalacións da Cidade Deportiva Afouteza. O estudiantado deberá cumprir os requisitos de ingreso previstos legalmente para o acceso á universidade. Os títulos oficiais que se poderán cursar son os Graos en Psicoloxía, Enfermaría, Xestión Deportiva, Produción de música e son para a industria do entretemento e Deseño e Arte para videoxogos.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 11

Control e seguimento de competencias:

- a) Aplicación do Regulamento de Xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos (art. 20.4); Doazóns menores e correntes (art. 25.2); Arrendamentos (art. 26).*
- b) Aplicación da Normativa de cesión de espazos universitarios. Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia (art.3).*

O presidente dá conta da documentación recibida (Arrendamentos que están en vigor, Doazóns menores e correntes e Dispensas de pagamento pola cesión de espazos). Agradécelle á Xerencia o envío, e sinala que o Consello Social dá cumprimento ao seu deber de supervisión e seguimento de competencias con periodicidade anual.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 12

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de decembro de 2025 e xaneiro, febreiro e marzo de 2026.

Jesús Graña abre unha rolda de opinión sobre os controis dos convenios por parte de Asesoría Xurídica e Control Interno, e os informes que se remiten ao Consello Social.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do 11 de maio de 2026, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)